

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saida N°. 201600013239
17/08/16 14:07:55

Instrucción xerencial sobre prazos para a tramitación de solicitudes relacionadas con modificacións de xornada.

A Lei 34/2014, do 26 de decembro (BOE do 27), de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da seguridade social, modificou o artigo 19 do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, relativo ao sistema de liquidación e ingreso de cotas.


Como suxeito responsable da obriga de cotizar, a Universidade de Vigo comenzou a liquidar, o pasado mes de xuño, as cotas e conceptos de recadación conxunta polo *Sistema de liquidación directa* de acordo coas novas estipulacións, o que fai preciso establecer, con carácter provisional, un procedemento de tramitación das reducións de xornada que impliquen a redución proporcional de retribucións, coa finalidade de evitar erros nas cotizacións nos seguintes termos.

Primeiro.- A solicitude de autorización, modificación ou finalización dunha redución de xornada deberá presentarse nos rexistros da Universidade de Vigo entre os días 1 e 20 do mes anterior a aquel en que pretenda facerse efectiva.

Segundo.- A concesión dun cambio de quenda ou categoría, traslado provisional ou comisión de servizos non alterará a autorización de redución de xornada concedida; a solicitude de modificación ou remate terá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte nas condicións previstas no apartado anterior.

Terceira.- A presente instrución terá unha vixencia temporal ata o 31 de decembro de 2016, podendo ser prorrogada de ser requerido polas circunstancias derivadas da xestión das solicitudes.

As solicitudes tramitaranse utilizando o impreso *Reducción de xornada* dispoñible na páxina: http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/info do Servizo de PAS.



Rodrigo Cerviño Rodríguez

XEFE DO SERVIZO DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS